

# INSTRUCCIÓN PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

SÓ APLICABLE A PERSOAS QUE SOLICITAN RÉXIME MODULAR A DISTANCIA

## 1.- QUE NECESITO TER CLARO

- Da oferta de módulos dun ciclo, uns pertencen ao 1º curso e outros a 2º. Podes consultar esa distribución no caso de CS DAW a distancia aquí:  
<https://www.cifprodolfoucha.es/informatica-e-comunicacions/cs-desenvolvemento-de-aplicacions-web-a-distancia/>
- Nos módulos de 2º, presupóñense certos coñecementos que se adquiren nos módulos de 1º. Debedes de telo en conta á hora de vos matricular.
- Malia o dito no punto anterior, podédesvos matricular dos módulos que queirades e nesta modalidade “a distancia” non existe a promoción de 1º a 2º.
- Os módulos nos que nos matriculemos impártense simultaneamente durante todo o curso. Non se imparten secuencialmente.
- Coma en calquera outro réxime ou modalidade, para validar módulos hai que se matricular previamente neles e logo solicitar a validación.

## 2.- PROCESO DE ADMISIÓN TELEMÁTICA

### PRAZO:

Do venres 25 de xuño ás 9:00h deica o luns 5 de xullo ás 13:00h

### REQUISITOS IMPRESCINDIBLES:

1. Cumprir os requisitos de acceso.
2. Cubrir a solicitude por ordenador en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> e:
  - a. Gardar a solicitude a modo de resgardo, se ao pé da mesma indica “**solicitude entregada automaticamente ...**” ou “**non é preciso entregalo no centro**”.
  - b. Entregala nun centro de FP se ao pé da solicitude indica “**a solicitude non terá validez se non está datada e validada por un centro de Galicia con oferta de FP ...**”.

### ADXUDICACIÓN:

1. **Consultar as datas das adxudicacións no calendario oficial de admisión:**  
[http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm\\_send/9208](http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/9208)
2. No caso de resultar adxudicado/a, pasamos ao punto 2: PROCESO DE MATRICULACIÓN

### MOI IMPORTANTE:

**QUEN NON SE MATRICULE EN PRAZO NIN RENUNCIE Á PRAZA ADXUDICADA QUEDARÁ EXCLUÍDO DO PROCESO DE ADMISIÓN**

# INSTRUCCIÓN PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

## 3.- PROCESO DE MATRICULACIÓN

### **PRAZO:**

**Consultar as datas de matriculación no calendario oficial de admisión**

### **REQUISITOS IMPRESCINDIBLES:**

1. Empregando o código da solicitude de admisión, acceder e realizar a matrícula en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> (ou ben renunciar aos módulos adxudicados)
2. Facer chegar á oficina do centro **por correo certificado ou presencialmente** (A oficina permanece aberta en horario de mañá, en xullo de 9:00h a 14:00h e en agosto de 10:00h a 13:00h):
  - a. Fotocopia do DOI (DNI, NIE ou pasaporte).
  - b. Xustificante de pagamento do seguro escolar (só menores de 28 anos). O importe é de 1,12€ e o número de conta para ingresar esa cantidade é:

**ES39 2080 0234 4130 4000 3005**

O prazo para recibir esa documentación remata coa primeira semana do curso.

### **MOI IMPORTANTE:**

**QUEN NON SE MATRICULE EN PRAZO NIN RENUNCIE Á PRAZA ADXUDICADA QUEDARÁ EXCLUÍDO DO PROCESO DE ADMISIÓN**